

A EXPERIENCIA PIALE NO IES DE VALGA: INMERSIÓN LINGÜÍSTICA EN PORTUGAL

A profesora de portugués do IES de Valga; Olga López López participou no programa de inmersión lingüística PIALE que consta de dúas fases:

Unha primeira : de integración, consistente na inmersión na vida escolar dun instituto de secundaria público: Josefa de Óbidos de Lisboa durante o mes de novembro pasado Foi xunto con outras dúas compañeiras do IES A Nosa Sra dos Ollos Grandes de Lugo: M:José D: Piñeiro e Victoria Sánchez do IES Martagisela de O Barco á mesma escola. Asistiron como espectadoras a clases de tres profesoras de portugués de tres niveis diferentes: 7º,9 e 12º ano (equivalentes a 1º ESO, 3º ESO e 2º bach),tamén de francés e mesmo deron unha clase a alumnos de español sobre lingua e cultura galega xa que detectaron que a pesar de ser culturalmente e lingüisticamente tan próximos ,hai un descoñecemento da cultura galega importante, o mesmo que sucede en Galicia con respecto a Portugal

Na segunda fase do programa corresponde facer unha memoria, unha unidade didáctica con actividades . A UDI titúlase: **“Lisboa coisa boa: Bora lá conhecer a cidade”**. Tamén compre facer difusión da experiencia e que a fase na que nos atopamos agora e a través prensa, radio, no centro(alumnado, pais, profesorado, a comunidade educativa en xeral)) , concello, centros próximos e organismos como CFR de Pontevedra entre outros

O instituto ten máis de 100 alumnos, 150 profesores e 25 conserxes

Estúdase dende 5º de primaria a 12º ano, e tamén teñen o equivalente de FP básica área de comercio e distribución (escaparatismo, deseño e produción de moda, publicidade e animación), así como ensino articulado de música en que os profesores do conservatorio van á escola e os alumnos teñen o horario compaxinado.

Teñen un director, un subdirector e tres direcores adxuntos, os órganos de goberno son como aquí

PRINCIPAIS DIFERENZAS COAS NOSAS ESCOLAS

- O alumnado dispón dunha tarxeta identificativa que lle permite a entrada
- Na escola não se pode usar diñeiro: Úsase tarxeta.
- Na cafetería non se venden chuches: apenas alimentos, sexan estes doces ou salgados,
- Non existe profesorado de garda: o alumnado permanece no recreo, biblioteca ou outra área común da escola. Os conserxes son os encargados de vixiar.
- Os conserxes(O persoal funcionario) (25) teñen funcións moi diversas: permanecen nunha mesa ao inicio de cada corredor para fornecer ao profesorado de chaves e mandos; avisan ao alunado cando falta o profesorado, fan tarefas de limpeza, cuidan as plantas, mobilizan a alumnos con necesidades especiais, discapacitados...
- Todo o profesorado ten clase,incluído o equipo directivo, agás a bibliotecaria.
- Existen protocolos de actuación para calquera actividade, dispoñibles para todo o profesorado.
- As clases teñen unha duración de 45 ou 90 minutos, segundo o tempo semanal exigido para cada materia. Recreos de 15 minutos entre cada sesión de 90

- O profesorado ten 38 horas de permanencia na escola. A compoñente lectiva é de 20-24 sesións. É posible ter un día libre por semana
- O horario da escola é de 08h15 a 18h50.
- A hora de comer: 13h30-14h15
- Infrecuentes clases despois das 16h00
- Aulas de apoio e de reforzo (especialmente para exames nacionais), pola tarde impartidas polos mesmos profesores que lles dan clase
- Os membros da ANPA poden entrar nas clases a dar recados
- Os alumnos poden ser castigados con tarefas no xardín

- **ASPECTOS METODOLÓXICOS**

- **Profesorado, aulas, docencia**

- O Programa Innovar- é un rexistro da actividade de aula: asistencia, comportamento, Deberes, sumário (guión do que se vai impartir en cada clase) tamén se poñen cualificacións, faltas de comportamento, se non fan as tarefas encomendadas e todos os pais poden consultalo.
- As clases sempre comezan cun sumário que o alumnado copia no caderno e o profesorado incluí no Innovar.
- Todos os exames deben ter explícitas as correccións e entréganse aos alumnos para mostraren aos pais. Os alumnos pásano a limpo no caderno ..
- A puntuación en secundaria é entre: 1-20 puntos
- O alumnado é o propietario dos exames, unha vez corrixidos. O profesorado envía un aviso aos pais para eles teren coñecemento da proba.
- Todas os cursos contan con apoio educativo
- A docencia ten currículos racionais e non reiterativos.
- A Metodoloxía é participativa. Un Incentivo para o pensamento crítico
- Merece especial atención , a educación no respecto ao profesor e superiores, limpeza, orde, cuidado do mobiliario e dos espazos, ton de voz...(baixo), non se oe xamais palabras malsoantes e tratan de vostede ao profesorado (“Sotor” (senhor doutor)ou professor/a.
- Coordinación xeral para crear un ambiente de traballo adecuado e agradable. A Tensión e –distensión están en equilibrio.

Alumnado

- Clases cun máximo de 29 persoas. Habitualmente, menos
- O alumnado do Ensino Básico ten un caderno (uma caderneta) do Ministério de Educação onde se rexistran as faltas de comportamento, os permisos para saíren da escola ou calquera notificación.
- Aulas de apoio para alumnado con problemas de aprendizaxe
- Aulas de apoio para os Exames Nacionais (9º, 11º/12º)
- Aulas especiais de Música para alumnado que segue estudos musicais (profesorado alleo à escola ,do conservatorio desloca-se para dar as clases de música na propia escola compaxinando horarios)

- Hai unha sala de estudo acompañado para alumnado que se portou mal na aula ou fóra.
- Todos os alumnos teñen unha axenda onde nunca falta o sumario
- Aulas participativas
 - Ninguén fala sen levantar previamente a man.
 - En xeral, hai moito respecto polos compañeiros e profesorado, mesmo en debates ou diálogos en que exista discrepancia.
- Puntualidade. Ocasionalmente, se alguén se retrasa, entra sen incomodar, con sixilo
- Escaso absentismo
- Non están permitidos o uso de móbiles. Pero o seu uso é habitual en corredores, recreo, cafetería. Ocasionalmente úsase na aula nos cursos altos
- En xeral, hai un menor número de materias
 - Nos dous anos últimos de [secundario](#), hai materias complementarias, enfocadas para exames nacionais, tamén distribuídos nos dous anos
 - 7 materias em 11º
 - 5 materias em 12º. Acostuman ter um dia libre por semana
- Apoio e/ou reforzo para quen tiver dificultade nos estudos e nos anos de Exames Nacionais
- Actividades diversas relacionadas coa área urbana en que se ubica a escola ou con a cidade

- **CONCLUSIÓN E ENLACES PARA AMPLIAR INFORMACIÓN**

- A profesora asegura que -melloraron a súa competencia lingüística
- Resultou ser unha experiencia moi interesante coas familias de acollida
- Compararon sistemas educativos e reflectiron sobre a súa maneira de ensinar coa fin de mellorar . Sostén que pensa incorporar incorporar hábitos novos.
- Ollaron a cidade de Lisboa con outros ollos
- Seguirán en contacto coas profesoras portuguesas para futuros intercambios .
- Fixeron unha boa amizade entre as colegas galegas que lles serviu para compartir a experiencia de cada unha delas. Co cal , altamente enriquecedor.
- A unidade didáctica que fixeron conxuntamente foi unha boa aprendizaxe!
- En resumo, foi unha experiencia “inesquecível e repetível”
- <http://ov.portalpsi.net/sistema-ensino-portugues/>
- [explicação sist. edu](#) cursos vocacionais
- [instituto de avaliação-IAVE](#)
- [Direção Geral Administração escolar](#)
- Exames nacionais: [11/12º](#)
- [Metas curriculares português](#)

- [Cursos científico-humanísticos](#)
[Avaliação](#)